

PRESENTACIÓN DE LP DE LOIS PÉREZ, LIBRERÍA TRAMA, LUGO, 04/04/2014

O maio do 68 irrompe na sociedade occidental cuestionando ao suxeito moderno. Prodúcese unha crise social importante que se salda coa ruptura dos ideais modernos. Deste xeito, xorde un novo tempo, o postmoderno. O mundo postmoderno para Ritzer é tan diferente ao moderno que require formas de pensalo completamente novas. Aparece un novo modo de pensar fragmentado, prodúcese un descentramento que non deixa privilexio ningún ao centro. Para Augé o tempo e o espazo, na postmodernidade, contráense e espándese á vez. O espazo expándese na virtualización, globalizando a cultura identitaria, ampliando o mundo social da interacción, iso fai que nos deslocalicemos e sintamos o mundo coma un espazo inabrangüible. Jamerson afirma que non existen mapas que permitan orientarse no hiperespazo propio da postmodernidade. O ser humano postmoderno ao perder os referentes espaciais e identitarios non consegue formar un *eu* que o defina e identifique.

Os postmodernos vivimos en *non lugares* que forman parte do consumo global, nacen condicionados e estereotipados para un fin. Nestes universos, o inesperado sinxelamente non ocorre.

Fronte a isto, no LP de Lois Pérez, a realidade non é inmutable, hai espazo e lugar para o inesperado. Como Gramsci, Lois tamén promove transmitir ideas diferentes ás do mercado de valores, posúe un pensamento alternativo con outras formas de pensar a vida e de sentir a arte. Para el, outros mundos e outras formas de vivenciar a realidade son posibles.

En LP, Lois fai a súa interpretación escenográfica da vida cotidiana e cóntanos o que acontece entre bastidores e é quen de atrapar os sucesos que desbordan ao ser humano postmoderno.

As persoas só percibimos a propia identidade no noso lugar, en *esos outros* que ao recoñecerse en parte co que somos, explícannos. O lugar, Lugo neste caso, a nós e aos

lectores, permítennos facer lazo coa realidade, habitándoa. Lugo é o lugar ao que pertence Lois e que á vez lle pertence. E está presente en cada verso, cada coma, cada interlineado, cada espazo...

A xenialidade de Lois radica en que localiza os sentimentos, as vivencias universais nun Lugo, nun *eu* que se concreta na voz poética, nun entorno cultural concreto con gran destreza.

Estarei sempre agradecida a Lois, e en débeda con el, porque me convidase a acompañalo aquí hoxe. Porque ocupar un espazo é diferente a ter un lugar.

Ocupar un espazo é sinalar unhas coordenadas físico-temporais: deste lado da mesa, na Librería Trama, en Lugo, que non merezo, e non entre o público que é onde debería estar, o día 4 de abril de 2014.

Pero ter un lugar supón indicar unhas coordenadas socio-afectivas: é a presentación do seu primeiro libro, na súa cidade, cos seus amigos e familiares. Este lugar de Lois, a súa deferencia para comigo, é a que me sitúa no mapa da diferenza. Grazas polo meu cambio de posición, polo papel que me otorgas.